



CIRCULAR Nº 1.- INICIO DE CURSO

INFORMACIÓN A NAIS/PAIS/TITORES LEGAIS

Curso: 2018/2019

Estimadas familias:

Ao comezar un novo curso escolar, poñémonos en contacto con vostedes para proporcionarlles unha información básica do funcionamento do Centro:

1. Equipo Directivo:

- Directora: Patricia Galán Gómez
- Xefe de Estudos: José Carlos Casales Regueiro
- Secretario: José Antonio Mera Bustelo
- Horario de Secretaría (atención ao público): de **09:30 h. a 12:30 h.**

2. Horario Escolar:

A Orde do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/2019, recolle: “No 2º ciclo de educación infantil, na educación primaria e na educación especial, a impartición efectiva de clases realizarase **do día 12 de setembro de 2018 ao 21 de xuño de 2019, ambos inclusive**”

A xornada lectiva abranguerá de **09:30 h. a 14:30 h.**

O calendario escolar estará exposto no taboleiro de anuncios.

3. Atención a pais e nais:

Cada titor/titora destinará unha hora semanal de atención aos pais e nais. Será os **luns de 16:15 h. a 17:15 h.** Para preparar esta entrevista é necesario solicitala cunha antelación mínima de dúas xornadas lectivas. En casos excepcionais, se o horario de mestres/as o permite, poderán ser atendidos no horario que ambos acorden.

Durante as horas de clase, non se permitirá o acceso aos espazos didáctico-pedagóxicos, incluídos os corredores. As persoas que accedan ao centro neste horario deberán manifestar o motivo da súa visita en Conserxería, onde se lles indicará o procedemento a seguir.

4. Faltas de asistencia a clase dos alumnos/as.

Os pais, nais ou titores legais deben **xustificar por escrito** as faltas dos seus fillos/as, que os alumnos/as presentarán ao titor/a, o primeiro día de reincorporación ás clases.

5. Teléfonos de contacto:

É imprescindible que o Centro dispoña de dous ou tres números de **teléfonos operativos** para poñerse en comunicación coas familias en caso de **emerxencia**.

No caso de haber **calquera variación de datos** (teléfono, dirección, ...) deberán notificalo á maior brevidade na **Secretaría** do centro.

6. Documentos:

Na páxina web do colexio atópanse os documentos do centro de organización do centro, así como as comunicacións administrativas correspondentes ás distintas convocatorias ao longo do curso escolar. **Rogamos a consulten periodicamente** para estar ao día nos trámites administrativos.

7. Información a pais/nais separados ou divorciados:

Os pais/nais separados ou divorciados que non teñan asignada a garda ou custodia legal dos seus fillos/as e desexen obter información sobre os resultados da avaliación destes ou recibir información do profesorado sobre a marcha académica, deberán solicitala na secretaría do centro, a través dun escrito dirixido á Dirección, achegando copia fidedigna da sentenza xudicial de divorcio, separación ou nulidade.

8. Avaliacións:

As familias recibirán o Boletín de Calificacións antes das vacacións de Nadal, Semana Santa e Final de Curso.

9. Saídas e entradas do alumnado fóra do horario establecido:

Para que un alumno/a poida saír do C.E.I.P. no horario lectivo, deberán seguirse as indicacións facilitadas polos titores nas reunións de inicio de curso (11 de setembro, Infantil e 10 e 11 de setembro, Primaria).

Recollida do alumnado ao remate das clases e das actividades extraescolares:

Á conclusión das clases e/ou actividades extraescolares, de maneira excepcional, darase unha marxe de 5 minutos para que se produza a recollida do alumnado sen autorización para saír só, de non ser así, o alumno/a afectado/a **integrarse no comedor escolar**, correndo os conseguíntes gastos (menú+seguro) por parte dos responsables familiares.

De repetirse esta situación informarase ás autoridades competentes de acordo co establecido na lexislación vixente.



10. Servizo de Transporte Escolar:

- Cada alumno/a ocupará un asento.
- No caso de problemas de conduta no vehículo escolar serán de aplicación as Normas de Organización e Funcionamento-R.R.I.
- Autorizacións excepcionais: Publicaranse no taboleiro de anuncios o listado de usuarios do servizo.

11. Entradas e saídas:

Os familiares non poderán interferir na organización das mesmas. Para un bo funcionamento é imprescindible respectar as indicacións dos mestres/as de garda.

12. Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar:

Aquelas familias solicitantes de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar que non viñeron a retiralas, teñen os vales á súa disposición na Secretaría do centro.

13. Períodos de vacacións e días non lectivos:

Segundo a Orde do 7 de xuño de 2016 (DOG do 15 de xuño de 2016) establécese:

I. Períodos de vacacións:

- Nadal: desde o día **22 de decembro** de 2018 ata o día **07 de xaneiro** de 2019, ambos inclusive.
- Entroido: días **4, 5 y 6 de marzo** de 2019.
- Semana Santa: desde o día **13 ao 22 de abril** de 2019, ambos incluídos.

II. Días non lectivos:

- Ademais das festas de ámbito estatal, son días non lectivos os festivos así declarados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, e as festas laborais de carácter local publicadas por resolución da devandita consellería.
- Solicítanse como **días non lectivos** por razóns de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica o **2 de novembro de 2018** e o **20 de maio de 2019**.
- Establécese o Día do Ensino coa consideración de non lectivo para efectos académicos para o curso 2018/19, **7 de decembro** de 2018.

14. Normas que rexerán en horario correspondente ás Actividades Extraescolares:

- O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado esixe unha xornada de traballo escolar acomodada a súa idade e unha planificación equilibrada das súas actividades.
- O seguimento e axuste das actividades extraescolares por parte do profesorado comezará ás **16:15 h.** e rematará ás **18:15 h.**
- O incumprimento das normas por parte dos alumnos/as suporá a aplicación das Normas de Organización e Funcionamento- R.R.I.

15. Actividade de Biblioteca Escolar.

En cumprimento da normativa vixente o C.E.I.P. Ponte dos Brozos oferta a actividade de Biblioteca Escolar de luns a venres, en horario de **16:15 h. a 18:00 h.**

O prazo de inscrición para poder asistir a esta actividade extraescolar remata o día **13 de setembro**.

O comezo desta actividade terá lugar o vindeiro día **14 de setembro**.

16. Relixión / Valores Sociais e Cívicos.

O día **14 de setembro** remata o prazo para que os pais/nais de alumnos/as que así o desexen, fagan constar por escrito na secretaría do centro, o cambio na súa decisión de que o alumno/a curse ensinanzas de relixión católica, doutras confesións relixiosas ou valores sociais e cívicos.

17. Actividade Lingua Árabe e Cultura Marroquí.

Deberán inscribirse para poder asistir a esta actividade na Secretaría do centro e o prazo rematará o **14 de setembro**.

A reunión cos pais/nais/titores legais do alumnado inscrito nesta actividade comunicárase proximamente.

Aproveitamos a oportunidade para manifestarlles a benvida a este novo curso e enviarlles un afectuoso saúdo.

Arteixo, setembro de 2018.

O Equipo Directivo